



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS
Secretaría Xeral de Calidade
e Avaliación Ambiental

METEOGALICIA
Informe climatolóxico do outono 2011

INFORME CLIMATOLÓXICO OUTONO 2011



ÍNDICE

| | | |
|-------------|---|-----------|
| 1 | INTRODUCCIÓN | 2 |
| 2 | BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO OUTONO DE 2011 EN GALICIA..... | 3 |
| 2.1. | Temperatura..... | 3 |
| 2.2. | Precipitación | 8 |
| 3 | EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE OUTONO..... | 12 |
| 3.1. | Temperatura..... | 12 |
| 3.2. | Precipitación | 15 |
| 3.3. | Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)..... | 17 |

Data edición: 30/12/2011



Os tres meses de outono foron cálidos. Destaca o mes de outubro con valores altos nas temperaturas máximas.

En canto as precipitacións, setembro foi moi seco en toda a Comunidade. O mes de outubro presenta precipitacións normais pero o número de días de chuvia é case a metade do valor climático agardado. Novembro entre normal e seco, principalmente na provincia de Lugo.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de outono (setembro de 2011-novembro de 2011). Así analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1971-2000.

Os criterios para definir as categorías climáticas correspondentes á precipitación e á temperatura móstranse na táboa 1.

| Categoría PP | Porcentaxe de precipitación total rexistrada respecto da media climática | Categoría temperatura | Deferencia entre a temperatura media e a media climática. |
|--------------|--|-----------------------|---|
| Moi seco | <30% | Moi cálido | $\geq 3^{\circ}\text{C}$ |
| Seco | Entre 30% e 90% | Cálido | Entre $+3^{\circ}\text{C}$ e $+0.5^{\circ}\text{C}$ |
| Normal | Entre 90% e 110% | Normal | Entre 0.5°C e -0.5°C |
| Húmido | Entre 110% e 190% | Frío | Entre -0.5°C e -3°C |
| Moi Húmido | >190% | Moi Frío | $\leq -3^{\circ}\text{C}$ |

Táboa 1: Categorías para precipitación e temperatura.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste outono e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1971-2000. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no outono respecto do valor da media climática correspondente. Así, mesmo o índice de precipitación estandarizado (SPI) que se presentará no punto 3.3, emprégase para identificar períodos de secas ó longo do tempo.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 25 estacións para a temperatura e 31 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.



2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO OUTONO DE 2011 EN GALICIA.

2.1. Temperatura

En **setembro**, o predominio anticiclónico deu lugar a temperaturas máis altas do que cabería esperar, se ben estas non acadaron valores extremos.

En **outubro** as temperaturas foron altas en xeral, con anomalías positivas en algúns puntos que acadaron os 5°C.

Esta mesma tónica atópase no mes de **novembro**, no que novamente as temperaturas foron en xeral algo máis altas do agardado.

A continuación (táboa 2) móstranse as temperaturas máximas medias máis altas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia no outono (setembro-outubro-novembro):

| Temperaturas máximas medias por riba de 22°C na rede de estacións de MeteoGalicia. | | | |
|--|--------------------|------------|------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) |
| EVEGA Leiro | Leiro | Ourense | 24.9 |
| Míllara | Ferreira de Pantón | Lugo | 24.6 |
| Ourense | Ourense | Ourense | 23.8 |
| Remuíño | Arnoia | Ourense | 23.8 |
| Cequeliños | Arbo | Pontevedra | 23.3 |
| San Clodio | Ribas de Sil | Lugo | 23.2 |
| A Granxa | Ponteareas | Pontevedra | 23.1 |
| Ourense-Ciencias | Ourense | Ourense | 23.1 |
| Entenza | Salceda de Caselas | Pontevedra | 23.0 |
| Meder | Salvaterra de Miño | Pontevedra | 23.0 |
| Areas | Tui | Pontevedra | 22.4 |
| Oímbra | Oímbra | Ourense | 22.3 |
| Verín-Vilela | Verín | Ourense | 22.2 |
| As Eiras | O Rosal | Pontevedra | 22.1 |
| Petarelas (As) | Rubiá | Ourense | 22.1 |
| Queimadelos | Mondariz | Pontevedra | 22.0 |
| Vigo | Vigo | Pontevedra | 22.0 |

Táboa 2: Temperaturas máximas medias máis altas no **outono** de 2011.



Na táboa 3, móstranse as estacións da rede de MeteoGalicia con temperaturas máximas medias máis baixas.

| Temperaturas máximas medias por debaixo de 18°C na rede de estacións de MeteoGalicia. | | | |
|---|--------------------------|------------|------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) |
| Cabeza de Manzaneda | Manzaneda | Ourense | 11.8 |
| Xares | A Veiga | Ourense | 12.7 |
| Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 14.4 |
| Ancares | Cervantes | Lugo | 15.5 |
| O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 16.0 |
| Muralla | Lousame | A Coruña | 16.3 |
| Serra do Faro | Rodeiro | Pontevedra | 16.7 |
| Xesteiras | Cuntis | Pontevedra | 16.8 |
| Serra da Faladoira | Ortigueira | A Coruña | 16.9 |
| Fragavella | Abadín | Lugo | 17.2 |
| Penedo do Galo | Viveiro | Lugo | 17.2 |
| Labrada | Abadín | Lugo | 17.2 |
| Marco da Curra | Monfero | A Coruña | 17.3 |
| Alto do Rodicio | Maceda | Ourense | 17.3 |
| Corzos | A Veiga | Ourense | 17.5 |
| Burela | Burela | Lugo | 17.5 |
| Xurés | Muiños | Ourense | 17.6 |
| A Gándara | Vimianzo | A Coruña | 17.7 |
| Corno do Boi | Friol | Lugo | 17.7 |
| Río do Sol | Coristanco | A Coruña | 17.8 |
| San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 17.9 |

Táboa 3: Temperaturas máximas medias máis baixas no **outono** de 2011.

Na táboa 4 e 5 indícanse as temperaturas mínimas medias máis baixas e máis altas respectivamente rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia.



| Temperaturas mínimas medias por debaixo de 8°C na rede de estacións de MeteoGalicia. | | | |
|---|--------------------------|------------|------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) |
| Calvos | Calvos de Randín | Ourense | 3.4 |
| Verín-Vilela | Verín | Ourense | 5.3 |
| Baltar | Baltar | Ourense | 5.7 |
| Corzos | A Veiga | Ourense | 5.8 |
| Cabeza de Manzaneda | Manzaneda | Ourense | 5.8 |
| Xares | A Veiga | Ourense | 5.8 |
| O Invernadeiro | Vilariño de Conso | Ourense | 6.4 |
| Mouriscade | Lalín | Pontevedra | 6.6 |
| Mourelle | Sarria | Lugo | 6.6 |
| Lardeira | Carballeda de Valdeorras | Ourense | 6.7 |
| Viana do Bolo | Viana do Bolo | Ourense | 6.7 |
| O Cebreiro | Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 6.7 |
| Sambreixo | Guitiriz | Lugo | 7.4 |
| San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 7.9 |
| Castro R. de Lea | Castro de Rei | Lugo | 8.0 |

Táboa 4: Temperaturas mínimas medias máis baixas no **outono** de 2011.

| Temperaturas mínimas medias por encima dos 13°C na rede de estacións de MeteoGalicia. | | | |
|--|--------------------|------------|------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Temperatura (°C) |
| Sálvora | Ribeira | A Coruña | 14.3 |
| Coruña Dique | A Coruña | A Coruña | 14.2 |
| Camariñas | Camariñas | A Coruña | 14.1 |
| Vigo-II Marinas | Vigo | Pontevedra | 14.1 |
| Illas Cíes | Vigo | Pontevedra | 14.0 |
| Lira | Carnota | A Coruña | 13.6 |
| Areeiro | Pontevedra | Pontevedra | 13.3 |
| Coruña | A Coruña | A Coruña | 13.3 |
| Corón | Vilanova de Arousa | Pontevedra | 13.3 |
| Ons | Bueu | Pontevedra | 13.3 |
| Punta Candieira | Cedeira | A Coruña | 13.2 |
| Vigo | Vigo | Pontevedra | 13.2 |
| Sanxenxo | Sanxenxo | Pontevedra | 13.1 |

Táboa 5: Temperaturas mínimas medias máis altas no **outono** de 2011.



Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o outono de 2011. Como se pode apreciar, en xeral as temperaturas foron suaves e máis frías cara o interior. Do mesmo xeito, na figura 2, móstrase o mapa de anomalías de temperatura con respecto ao período 1971-2000. As anomalías na estación de outono foron en xeral positivas, acadándose os valores máis altos na comarca luguesa de Os Ancares.




Figura 1: Temperatura media de outono 2011




Figura 2: Mapa de anomalías de temperatura no outono 2011



2.2. Precipitación

As escasas situacións de sistemas frontais ocasionaron uns valores moi baixos na chuvia acumulada no mes de **setembro** en Galicia.

As chuvias acumuladas no mes de **outubro** estiveron moi preto dos valores normais, sen embargo tiveron un carácter torrencial e acumuláronse case na súa totalidade dos dous episodios máis chuviosos do 23/10/2011 e 26/10/2011. Isto reflíctese tamén no escaso número de días de chuvia rexistrados.

O sucesivo paso de sistemas frontais no mes de **novembro**, alternando con momentos de anticiclóns, fixo que tanto o número de días de chuvia como a cantidade de precipitación non acadase valores moi destacables, quedando en xeral dentro dos parámetros normais para este mes.

| Precipitación máxima estacional no outono de 2011 | | | |
|---|--------------------|------------|-----------------------------------|
| Estación | Municipio | Provincia | Precipitación (L/m ²) |
| Fontecada | Santa Comba | A Coruña | 659 |
| Cespón | Boiro | A Coruña | 656 |
| Muralla | Lousame | A Coruña | 650 |
| Coto Muiño | Zas | A Coruña | 614 |
| Louredo | Mos | Pontevedra | 605 |
| Xesteiras | Cuntis | Pontevedra | 563 |
| Fornelos de Montes | Fornelos de Montes | Pontevedra | 554 |
| Lesende | Lousame | A Coruña | 554 |
| Castro Vicaludo | Oia | Pontevedra | 503 |
| Areeiro | Pontevedra | Pontevedra | 490 |

Táboa 6: Valores máximos de precipitación acumulada na outono de 2011.

Na táboa 6 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados nesta estación do ano. As zonas do litoral das provincias de A Coruña e Pontevedra, foron as que rexistraron os valores máis altos de precipitación.



Na táboa 7 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados neste outono.


| Precipitación mínima estacional na outono de 2011 | | | |
|---|--------------------------|-----------|-----------------------------------|
| Estación | Municipio | Provincia | Precipitación (L/m ²) |
| Petarelas (As) | Rubiá | Ourense | 97 |
| Larouco | Larouco | Ourense | 117 |
| Conchada | Quiroga | Lugo | 129 |
| Pedro Murias | Ribadeo | Lugo | 143 |
| San Clodio | Ribas de Sil | Lugo | 143 |
| Lardeira | Carballada de Valdeorras | Ourense | 146 |
| San Xoán de Río | San Xoán de Río | Ourense | 150 |
| Marroxo | Monforte | Lugo | 160 |
| Pontenova (A) | A Pontenova | Lugo | 164 |
| Ponte Boga | Castro Caldelas | Ourense | 168 |

Táboa 7: valores mínimos de precipitación acumulada en outono de 2010-2011

Como se pode ver na figura 3, os rexistros de chuvia máis elevados encóntanse principalmente na comarca do Xallas e do Barbanza, aínda que tamén é destacable a precipitación rexistrada nas Rías Baixas. Os valores máis baixos de precipitación no este das provincias de Lugo e Ourense, superando os 100 mm acumulados.

A continuación, móstrase (figura 3) un mapa coa precipitación rexistrada no período outonal e outro, (figura 4) coa porcentaxe de precipitación rexistrada con respecto á media climática, sempre con período de referencia 1971-2000.

Observando a figura 4, contéplase unha distribución das anomalías de precipitación moi variada. Así, os lugares máis secos neste outono correspóndense principalmente a Ría de Ortigueira (20%-40%, moi seco). Este dato contrasta co da comarca de Ourense no que as anomalías presentan valores entre o 120% e o 160% (húmido).



Chuvia/lluvia - 2011_otoño

www.meteogalicia.es

Figura 3: Mapa de precipitación acumulada no outono de 2011.




Figura 4: Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no outono de 2011.



3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE OUTONO.

3.1. Temperatura

A temperatura media do outono para Galicia é 0.9°C maior con respecto ao período climático de 1961-1990, e 1.1°C superior ó período de referencia 1971-2000. Con esta diferenza e tendo en conta a táboa 1 podemos dicir que o outono foi cálido. Na seguinte táboa pódense ver estes valores:

| Temperatura media do outono (°C) | | |
|----------------------------------|-----------|-----------|
| 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| 14.9 | 14.0 | 13.8 |

Táboa 8: Comparación entre a temperatura media no outono e a media climática galega.

A continuación, móstrase a distribución por meses da temperatura media no outono de 2011.

| Temperatura media mensual (°C) | | | |
|--------------------------------|------|-----------|-----------|
| Mes | 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| Setembro | 18.4 | 17.8 | 17.5 |
| Outubro | 15.3 | 14.1 | 13.7 |
| Novembro | 11.0 | 10.0 | 10.1 |

Táboa 9: Comparación entre a temperatura media mensual do outono 2011 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Nos datos mensuais para a serie rexional galega pódese apreciar en xeral que os valores correspondentes os meses outonais son maiores do agardado. Destaca especialmente o mes de outubro no que se supera en máis de 1°C os valores climáticos nos dous períodos de referencia considerados (cálido).

Tamén é interesante observar as temperaturas máximas e mínimas na estación de outono e os seus valores mensuais.

| Temperatura máxima media do outono (°C) | | |
|---|-----------|-----------|
| 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| 20.6 | 19.0 | 18.8 |

Táboa 10: Comparación entre a temperatura máxima media en outono e a media climática galega.



Neste caso obsérvase, que o outono de 2011 ten un valor de máis de 1.5°C en comparación cos datos dos dous períodos climáticos de referencia, logo tendo en conta a media das temperaturas máximas a estación de outono considérase cálida.

| Temperatura máxima media mensual (°C) | | | |
|---------------------------------------|------|-----------|-----------|
| Mes | 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| Setembro | 24.3 | 23.6 | 23.5 |
| Outubro | 22.5 | 19.1 | 18.6 |
| Novembro | 15.0 | 14.3 | 14.4 |

Táboa 11: Comparación entre a temperatura máxima media mensual da outono 2011 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

A tónica xeral representada na táboa 11 mostra un 2011 con temperaturas máis elevadas do agardado nos dous períodos, se ben destaca o mes de outubro con unha anomalía de +3.9°C (moi cálido).

| Temperatura mínima media do outono (°C) | | |
|---|-----------|-----------|
| 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| 10.1 | 8.6 | 8.7 |

Táboa 12: Comparación entre a temperatura mínima media en outono e a media climática galega.

Na táboa 12, tamén se repite o atopado na temperatura máxima e media, neste caso atópase unha anomalía de +1.4°C, polo que outono tamén se considera cálido para a temperaturas mínima. Isto reflíctese nas anomalías mensuais que acadan valores en torno ós +1.5°C nos tres casos.

| Temperatura mínima media mensual (°C) | | | |
|---------------------------------------|------|-----------|-----------|
| Mes | 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| Setembro | 13.1 | 11.4 | 11.5 |
| Outubro | 9.8 | 8.7 | 8.7 |
| Novembro | 7.3 | 5.7 | 5.9 |

Táboa 13: Comparación entre a temperatura mínima media mensual do outono 2011 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.



Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media dos outonos dende o ano 1961 ao 2011.




Figura 5: Evolución da temperatura media en outono para a serie rexional galega.

Na figura 6 represéntase a evolución da anomalía da temperatura media para a serie rexional dos outonos en Galicia. A liña negra é a media móbil de 5 anos.




Figura 6: Anomalías da temperatura media para a serie rexional galega. O período de referencia é 1971-2000.



3.2. Precipitación

Na táboa 14 móstranse os valores medios de precipitación acumulada no outono de 2011 así como os valores climáticos dos períodos 1961-1990 e 1971-2000.

| Precipitación acumulada estacional (mm) | | |
|---|-----------|-----------|
| 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| 289 | 379 | 396 |

Táboa 14: Comparación entre a precipitación acumulada no outono 2010-2011 e os valores climáticos.

O valor deste outono é inferior a ambos períodos de referencia climáticos, existindo unha maior diferenza con respecto ao 1971-2000 (un 73%), polo que, segundo os criterios da táboa 1, o outono considérase seco.

A precipitación rexistrada en cada un dos meses amosa que no outono de 2011, a precipitación acumulada foi inferior ao valor climático nos dous períodos de referencia en xeral para os tres meses. Aínda que o máis reseñable está no mes de setembro que, presenta unha anomalía do 20% con respecto ao período 1971-2000, polo que o mes caracterízase como moi seco. O mes de outubro sen embargo, resulta normal cunha porcentaxe maior que o 90%. En canto o mes de novembro o mes considérase seco (83%).

| Precipitación acumulada mensual (°C) | | | |
|--------------------------------------|------|-----------|-----------|
| Mes | 2011 | 1961-1990 | 1971-2000 |
| Setembro | 17 | 79 | 85 |
| Outubro | 138 | 142 | 149 |
| Novembro | 134 | 157 | 162 |

Táboa 15: Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de outono e as medias correspondentes aos períodos climáticos.

Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nos outonos do período 1961 a 2011. Asímesmo, na figura 8, móstranse as anomalías de precipitación en outono, xunto coa media móbil de 5 anos.




Figura 7: Precipitación acumulada en outono para a serie rexional galega.




Figura 8: Anomalías de precipitación en outono para a serie rexional galega. O período de referencia é 1971-2000.



3.3. Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)

O SPI representa o número de desviacións típicas que un valor concreto de precipitación se separa da media da serie en un determinado intervalo temporal.

Permite fixar o comezo e fin dun episodio de seca, así coma a súa intensidade.

Na seguinte táboa móstranse as diferentes clases e valores do SPI.

| SPI | Clase | Probabilidade Acumulada |
|--------------------------|-----------------------|-------------------------|
| $SPI \geq 2.00$ | Extremadamente húmido | 0.977 - 1.00 |
| $1.50 \leq SPI < 2.00$ | Moi húmido | 0.933 - 0.977 |
| $1.00 \leq SPI < 1.50$ | Moderadamente húmido | 0.841 - 0.933 |
| $-1.00 \leq SPI < 1.00$ | Normal | 0.159 - 0.841 |
| $-1.50 \leq SPI < -1.00$ | Moderadamente seco | 0.067 - 0.159 |
| $-2.00 \leq SPI < -1.50$ | Severamente seco | 0.023 - 0.067 |
| $SPI < -2.00$ | Extremadamente seco | 0.000 - 0.023 |

Táboa 16: Descrición dos valores de SPI.

Na seguinte táboa preséntase o SPI-3 (chuvia acumulada en tres meses), o SPI-6 (chuvia acumulada en 6 meses), o SPI-12 (chuvia acumulada en 12 meses) e o SPI-24 (chuvia acumulada en 24 meses) dende xaneiro de 2010 calculado para a serie rexional.

| Año | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 | 2010 |
|-------------|-------|-------|-------------|-------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|-------|
| Mes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | 12 |
| Lluvia (mm) | 172 | 204 | 123 | 61 | 80 | 94 | 21 | 7 | 26 | 228 | 196 | 149 |
| SPI-3 | 1.00 | 0.84 | 0.47 | 0.23 | -0.55 | -0.21 | 0.23 | 0.17 | -1.76 | 0.09 | 0.43 | 0.47 |
| SPI-6 | 0.67 | 0.85 | 1.03 | 0.82 | 0.50 | 0.26 | 0.24 | -0.52 | -1.14 | 0.08 | 0.42 | -0.02 |
| SPI-12 | 0.39 | 0.76 | 0.92 | 0.87 | 0.86 | 0.80 | 0.57 | 0.57 | 0.64 | 0.81 | 0.63 | 0.08 |
| SPI-24 | 0.21 | 0.55 | 0.57 | 0.26 | 0.05 | 0.22 | 0.20 | 0.08 | -0.01 | 0.32 | 0.47 | 0.50 |
| Año | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 | 2011 |
| Mes | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 | 6 | 7 | 8 | 9 | 10 | 11 | |
| Lluvia (mm) | 156 | 110 | 81 | 66 | 41 | 8 | 22 | 48 | 17 | 138 | 134 | |
| SPI-3 | 0.05 | -0.23 | -0.35 | -0.78 | -1.49 | -1.89 | -1.93 | -0.74 | -0.92 | -0.43 | -0.73 | |
| SPI-6 | -0.02 | -0.03 | 0.04 | -0.39 | -0.86 | -1.30 | -1.71 | -1.88 | -2.25 | -1.70 | -1.13 | |
| SPI-12 | 0.03 | -0.30 | -0.42 | -0.41 | -0.55 | -0.84 | -0.82 | -0.68 | -0.77 | -1.15 | -1.52 | |
| SPI-24 | 0.25 | 0.29 | 0.37 | 0.33 | 0.22 | -0.03 | -0.21 | -0.12 | -0.12 | -0.24 | -0.60 | |

Táboa 17: Valores de SPI dende xaneiro de 2010 para a serie rexional.



A continuación móstranse as gráficas coa evolución dos distintos índices:




Figura 9: Valores de SPI-3.




Figura 10: Valores de SPI-6.




Figura 11: Valores de SPI-12.



Figura 12: Valores de SPI-24.

MeteoGalicia
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia